

Martes, 7 de xaneiro de 2020

Núm. 3

**ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEAREAS**

Persoal, oposicións

*NOVA CONVOCATORIA DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA
FUNCIONARIOS INTERINOS ADMINISTRATIVOS, PARA CUBRIR PRAZAS DE
ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL NO GRUPO C, SUBGRUPPO C1*

ANUNCIO

*NOVA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE FUNCIONARIOS
INTERINOS ADMINISTRATIVOS PARA CUBIR PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN
XERAL INTEGRADOS NO GRUPO C, SUBGRUPO C1.*

Con data 3 de decembro de 2019 mediante Decreto nº 2019-4301, modificado polo Decreto nº 2019-4340 de data 4 de decembro de 2019, aprobouse unha nova convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación no BOP, na categoría de de funcionarios interinos administrativos para cubrir prazas de administrativos de administración xeral integrados no grupo C, subgrupo C1, segundo o establecido no Texto Consolidado das Bases Xerais de Selección de Funcionario Interino e Persoal Laboral no Concello de Ponteareas, publicado no BOP nº 193, de data 5 de outubro de 2018 e as Bases Específicas para o nomeamento de funcionarios interinos para cubrir as prazas de Administrativo de Administración Xeral integrados no Grupo C, Subgrupo C1, aprobadas pola Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2016, co fin da cobertura da praza vacante nº 02.02.05.20, oficial administrativo/a, adscrita ao Conservatorio de Música Municipal “Reveriano Soutullo” e a Escola de Música Municipal “Vila do Corpus”, mentres non se cubra a mesma polo procedemento regulamentario ou se amortice, e a confección da lista de contratacións para a categoría mencionada.

No mesmo Decreto, resólvese unificar a lista resultante do proceso selectivo e a xa existente na categoría de funcionarios interinos administrativos para cubrir prazas de administrativos de administración xeral integrados no grupo C, subgrupo C1, nunha única lista de substitución, na que a orde de prelación virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera das dúas convocatorias.

No caso de que algún dos intragantes da primeira listaxe, se presentase o novo proceso para acadar maior puntuación e, se dese o caso, de que esta fose inferior, ou non superase algún dos puntos nesta nova convocatoria, prevalecerá a puntuación máis alta acadada en calquera dos dous procesos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UA4SZ4R3NY9UU34T



Martes, 7 de xaneiro de 2020

Núm. 3

As instancias polas que se solicita formar parte neste proceso selectivo, dirixiranse ao Alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, www.ponteareas.gal, apartado de Oferta de Emprego Público.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: UA4SZ4R3NY9UJ34T

